

CONCRECIÓN CURRICULAR

IES CHAN DO MONTE



DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 20 de abril de 2022

DATA 1ª REVISIÓN:

DATA 2ª REVISIÓN:



ÍNDICE DO DOCUMENTO

I.	CRITERIOS XERAIS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO DA ESO	3
II.	CRITERIOS DE TITULACIÓN NA ESO.....	3
III.	MATRÍCULA DE HONRA NA ESO	4
IV.	CRITERIOS XERAIS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO DE BACHARELATO	4
V.	CRITERIOS DE TITULACIÓN EN BACHARELATO	4
VI.	MATRÍCULA DE HONRA EN BACHARELATO	5



I. CRITERIOS XERAIS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO DA ESO

A repetición de curso é una medida de carácter excepcional, que se tomará cando estean esgotadas as medidas ordinarias de reforzo e apoio.

A decisión na avaliación final farase de xeito colexiado, atendendo aos obxectivos, competencias e á valoración das medidas que favorezan o progreso do alumnado.

Promocionará o alumnado que supera todas as materias ou obteña avaliación negativa en unha ou dúas materias incluídas as pendentes.

No caso de ter avaliación negativa en 3 o mais materias, o equipo docente pode decidir a promoción se cumpre todas as seguintes condicións:

- A media aritmética en todas as materias matriculadas é igual ou superior a 5.
- O equipo docente estima que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito, como materias sen continuidade, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución académica, por exemplo en casos como alumnado que tivo moitas faltas xustificadas por motivos de saúde, problemas familiares..
- Que non se producise o abandono de ningunha delas, entendendo por tal:
 - ✓ Que mantivese unha actitude positiva nas clases, de traballo e de esforzo
 - ✓ Que presentase os traballos requiridos ao longo do curso, incluído o período de recuperación.
 - ✓ Que realizase as probas e exames.

II. CRITERIOS DE TITULACIÓN NA ESO

A decisión sobre a titulación do alumnado se levará a cabo de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias e a consecución dos obxectivos da etapa.

Titula o alumnado que supera todas as materias ou se cumpran todas as seguintes condicións:

- A media aritmética en todas as materias matriculadas é igual ou superior a 5.
- A xuízo do equipo docente o alumnado adquiriu todas as competencias e alcanzou os obxectivos da etapa.



- Que non se producise o abandono de ningunha delas, entendendo por tal:
 - ✓ Que mantivese unha actitude positiva nas clases, de traballo e de esforzo.
 - ✓ Que presentase os traballos requiridos ao longo do curso.
 - ✓ Que realizase as probas e exames.

O alumnado que non titule e supere os límites de idade poderao facer nos dous cursos seguintes a través da realización de probas ou actividades personalizadas extraordinarias das materias que non superase.

III. MATRÍCULA DE HONRA NA ESO

Unha vez obtida a media, en caso de ter mais alumnado proposto para matrícula de honra que os que permite a norma, establecerase o desempate seguindo o seguinte criterio:

- Maior nota media na etapa.
- Maior nota media en 4º e baixando cursos ata lograr o desempate.
- Maior número de 10, 9, 8,.... en 4º e baixando cursos ata lograr o desempate.

IV. CRITERIOS XERAIS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO DE BACHARELATO

O alumnado promociona se supera todas as materias ou obtén avaliación negativa en 2 materias.

Só computan as materias que como mínimo deben cursar en cada un dos bloques.

No bloque de libre configuración autonómica só computa Lingua galega e literatura.

V. CRITERIOS DE TITULACIÓN EN BACHARELATO

O alumnado titula en bacharelato se ten avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.

Excepcionalmente o equipo docente pode decidir a titulación do alumnado que supere todas as materias agás unha, sempre que se cumpran todas as seguintes condicións:

- Que o equipo docente considere que alcanzou as competencias e os obxectivos de etapa.



- Que non ten unha inasistencia continuada e non xustificada que está tipificada nas NOFC cun 10% das clases.
- Que se presentou as probas, incluídas as extraordinarias.
- Que realizou as actividades.
- Que a media aritmética en todas as materias da etapa cursadas, incluída a non superada, sexa igual ou superior a 5.

VI. MATRÍCULA DE HONRA EN BACHARELATO

Unha vez obtida a media, en caso de ter mais alumnado proposto para matrícula de honra que os que permite a norma, establecerase o desempate seguindo o seguinte criterio:

- Maior nota media na etapa.
- Maior nota media en 2º Bacharelato.
- Maior nota media en 1º Bacharelato.
- Maior número de 10, 9, 8.....en 2º de Bacharelato e se segue o empate en 1º de Bacharelato.